

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MONELOS

CURSO: 2º ESO

MATERIA: ESTILOS DE VIDA SAUDABLE

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA:10/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

| Curso | 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles  |   |
|-------|--|---|
|       | Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
| 2º    | Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde.  | Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.   |
|       | Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.  | Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.  |
|       | Deseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria   | Organiza actividades para a práctica de actividade física saudable en grupo (grupo clase, centro, etc.).  |
| 2º    | Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria                                | Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc. |
|       | Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria. | Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.   |
|       | Deseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado.  | Deseña e elabora unha proposta de almorzos saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física  |

## 2. Avaliación e cualificación

|   |  |
|---|--|
| <b>Avaliación</b>                       | Farémolo de forma obxectiva, mediante a realización de traballos de maneira individual , e a elaboración de baterías de test sinxelos a través das plataformas edmodo e/ou edpuzzle.   |
| <b>Cualificación final</b>              | A cualificación final obterase da seguinte maneira:<br>Realizarase a media aritmética das tres avaliaci3ns, tanto as dúas presenciais como a terceira online.<br>Realizarase a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación.<br>Ó alumno aplicarase a mais beneficiosa das dúas.<br>Para aqueles alumnos na ESO, cuxa nota media da 1ª e 2ª avaliación situase por debaixo de 5, plantearase a recuperación de aqueles apartados que non tivera superados, medinte a elaboración de traballos individuais de recuperación ou test sinxelos a través das plataformas anteriormente descritas. |
| <b>Proba extraordinaria de setembro</b> | No caso de non supera-la materia na convocatoria ordinaria o alumno deberá presentarse á <u>convocatoria extraordinaria</u> , na que será necesario que demostre os seus coñecementos a nivel conceptual. Estes coñecementos estarán referidos ós desenvolvidos durante a parte presencial do curso.   |
| <b>Alumnado de materia pendente</b>     | Para superar a materia pendente, o alumnado deberá ter aprobado a 1ª e 2ª avaliación do presente curso, ó inicio da 3ª avaliación. De non ser así, se lle realizará unha proba teórica na convocatoria extraordinaria dos contidos pendente (50%), e deberá entregar traballos relacionados cos mesmos (50%).  |

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

|   |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>  | <p>Exponse aos alumnos actividades semanais, que deben realizar e entregar en formato de texto ou vídeo.</p> <p>Visualización de vídeos relacionados cos contidos e realización de test sinxelos a través das plataformas Youtube, edpuzzle e edmodo.</p> <p>Entrega de traballos escritos relacionados cos contidos non superados durante a 1ª o 2ª avaliación, ou ambas.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b> | <p>Adaptarase a metodoloxía a excepcionalidade da situación, utilizando os canles establecidas para manter un contacto o máis fluído posible co alumnado. "Sen conectividade é imposible plantexar actividades".</p> <p>Utilización da plataforma edmodo para a comunicación e titoría do/a e cos alumnos.</p> <p>Utilización da plataforma de videoconferencia webex.</p>     |

#### 4. Información e publicidade

|  |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>Páxina web do centro onde se atopan métodos de comunicación co profesor. (Departamento de E.F.)</p> <p>Correo electrónico na páxina web do centro. (departamento de E.F.)</p> <p>Plataforma edmodo onde crearemos as nosas clases virtuais, e comunicarémonos cos alumnos. Os familiares poden ter vinculadas contas as do seus fillos, co que poden ter coñecemento das actividades que terán que facer.</p> <p>Plataforma de videoconferencia webex.</p> |
|--|---|